

[Gal/Cast] "Como lles explico eu ás miñas fillas que o seu pai vai ir á cadea sen facer nada?"

SERMOS GALIZA :: 17/02/2014

Testimonio de Serafín Rodríguez, sindicalista galego, condenado a tres anos de prisión y en espera de ingresar en la cárcel, tras la huelga de transporte de 2008

Galego

"Había unha folga do transporte pola negociación do convenio. Ese día había unha reunión na rotonda de Bouzas, onde está a gasolinera, ás 12.00 da noite. Ian informarnos de como estaba a negociación do convenio os tres sindicatos. Cheguei sobre as doce menos cuarto. Estabamos agardando, eu cun compañeiro falando. Había unha ou dúas grilleiras en fronte. Saíu un policía, veu xunto a min e díxome: 'Acompañeme ao furgón'. Pregunteille por que e díxome que fora. Non te podes negar, de maneira que alá fun. Ao chegar díxome, 'déixeme a súa documentación' e dixeron 'como? por que?'. Respondeume que me viran tirar pedras. Eu acababa de chegar, como que me viran tirar pedras? Díxome que estivese tranquilo, que estaba todo gravado e que se non fixera nada non tiña por que preocuparme.

Eu quedei tranquilo. Comentei o caso co meu compañeiro e despois da reunión marchei para a casa. De alí a un tempo cheguei a notificación do xulgado con dous delitos: un por tirar pedras e outro contra o dereito dos traballadores. Do primeiro fun absolto porque non había probas, eu non tirara nada. Imputáronme o do delito contra o dereito dos traballadores e son os 3 anos de cadea que me piden."

Así lembra Serafín Rodríguez o que aconteceu aquela madrugada de 2008. Traballador do transporte, casado e con dúas crianzas (de 3 e 8 anos), foi condenado a 3 anos de privación de liberdade xunto con Carlos Rivas. Daquela greve lembra que "foi unha das máis pacíficas, mesmo recoñecido polos empresarios". Agora, a piques de se materializar a sentenza da Audiencia provincial, asegura que "non me entra na cabeza" como puideron ser condenados "por non facer nada". "Eu", salienta, "na xustiza xa non creo".

Unha maré de solidariedade

Malia todo, Serafín reconece que "axuda moito" a sobrelevar a situación a solidariedade amosada nas rúas da cidade olívica por persoas chegadas desde todos os puntos do país. "Non contaba con tanta xente, co día que facía". Tanto el coma Carlos amosaron a súa emoción e sorpresa pola maré humana que asolagou as rúas viguesas reclamando o indulto para ambos os dous traballadores. "Hai xente que non me coñece de nada que me amosan o seu apoio pola rúa" porque, explica, "saben que me pasou a min como lles podería pasar a eles".

Á espera de que a xustiza emita o ditame de execución da sentenza --a partir do momento en que lles restarán 10 días para entraren en prisión-- desde a CIG, CCOO e UGT continúan a reclamar o indulto ao berro de "Non pode ser, non pode ser, obreiros na cadea e corruptos

no poder".

Castellano

"Había una huelga de transporte por la negociación del convenio. Ese día había una reunión en la rotonda de Bouzas, donde está la gasolinera, a las 12:00 de la noche. Iban a informarnos de como estaba la negociación del convenio los tres sindicatos. Llegué sobre las doce menos cuarto. Estábamos esperando, yo con un compañero hablando. Había una o dos furgonas en frente. Salió un policía, se acercó a mi y me dijo: "Acompáñame al furgón". Le pregunté por qué y me dijo que fuera. No te puedes negar, de tal manera que fui allí. Al llegar me dijo, "déjame la documentación" y le dije ¿cómo? ¿por qué? Me respondió que me habían visto tirar piedras. Yo acababa de llegar, ¿cómo que me habían visto lanzar piedras? Me dijo que estuviera tranquilo, que estaba todo grabado y que si no había hecho nada no tenía de qué preocuparme.

Yo quedé tranquilo. Comenté el caso con mi compañero y después de la reunión marché para casa. De allí a un tiempo me llegó la notificación del juzgado con dos delitos: uno por tirar piedras y otro contra el derecho de los trabajadores. Del primero fue absuelto porque no había pruebas, yo no había lanzado nada. Me imputaron un delito contra el derecho de los trabajadores y son tres años de cárcel que me piden".

Así recuerda Serafín Rodríguez lo que sucedió aquella madrugada de 2008. Trabajador del transporte, casado y con dos hijas (de tres y ocho años), fue condenado a tres años de privación de libertad junto con Carlos Rivas. De aquella huelga recuerda que "fue una de las más pacíficas, incluso reconocido por los empresarios". Ahora, a punto de materializarse la sentencia de la Audiencia Provincial, asegura que "no me entra en la cabeza" como pudieron ser condenados "por no hacer nada". "Yo", subraya, "en la justicia ya no creo".

Una marea de solidaridad

A pesar de todo, Serafín reconoce que "ayuda mucho" a sobrellevar la situación la solidaridad mostrada en las calles de la ciudad olívica por personas llegadas desde todos los puntos del país. "No contaba con tanta gente, con el día que hacía". Tanto él como Carlos expresaron su emoción y su sorpresa por la marea humana que inundó las calles viguesas reclamando el indulto para ambos trabajadores. "Hay gente que no me conoce de nada que me muestran su apoyo por la calle" porque, explica, "saben que me ha pasado a mi como les podría pasar a ellos".

A la espera de que la justicia emita el dictamen de ejecución de la sentencia --a partir del momento en que les restarán 10 días para entrar en prisión-- desde la CIG, CCOO y UGT continúan reclamando el indulto al grito de "Nom pode ser, nom pode ser, obreiros na cadeia e corruptos no poder"